

MISA CON NENOS

26 de febreiro 2017-ORDINARIO 8º-A

Mateu 6, 24-34:

“Se Deus coida dos paxaros, que non fará por vós?”.

Mensaxe: Deus é TODO CORAZÓN. Non te angusties. CONFÍA.



Deus é TODO CORAZÓN.
Non te angusties. Confía.

1. ACOLLIDA

Amigos y amigas:

Estamos no Entroido xa a piques de comezar a Coresma o vindeiro mércores, o día de cinza. Hoxe, domingo 8º do tempo ordinario, no evanxeo, escoitaremos a conclusión do Sermón da Montaña que temos fomos seguindo ao longo dos últimos domingos. Xesús invítaranos a facer realidade na nosa vida o camiño que el nos propón: non buscar tanto as seguridades no diñeiro e no ter bens materiais. Confiemos máis en Deus, o noso Pai, deixémonos soste por el, e con moita fe. **Non nos angustiemos, Deus cuida de nós.**

No nome do Pai... *Deus, presenza provida, que nos quere de corazón e cuida sempre dos seus fillos con tenrura, sexa con todos vós.*

(Colocar o cartel de Fano con Xesús sostendo o corazón grande de Deus e unha frase debaixo: "Deus é TODO CORAZÓN. Non te angusties. CONFÍA").

2. PERDÓN

Acollemos o perdón de Deus e a súa invitación ao amor e á alegría.

- Aínda que a vida é dura e ás veces dubidamos do teu amor paternal que vela por nós, os teus fillos. **Señor, ten piedade de nós...** (Posibilidade de que o lea un catequista)
- Aínda que en ocasións pensamos que o mundo se nos escapa das mans e fiámonos máis dos nosos remedios que da túa sabia providencia. **Cristo, ten piedade de nós...** (Posibilidade de que o lea un pai)
- - Aínda que ti es luz, amor e vida, pero non nos deixamos guiar por ti. **Señor, ten piedade de nós...** (Posibilidade de que o lea un neno/a)

3. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN:

Escoitemos con moita atención a Palabra de Deus. A primeira lectura é moi curta e moi clara: “aínda que unha nai se esquecese dos seus fillos, Deus non se esquecerá de ti”. No evanxeo, Xesús dinos que o esencial na vida é experimentar o amor provido de Deus que como Pai e Nai nos coida, nos guía e nos leva nas súas mans. Isto debe enchernos de acougo e confianza e así non nos obsesionaremos por buscar a falsa seguridade do diñeiro. (E S. Paulo quérenos servidores de Deus).

- **3.1 PRIMEIRA LECTURA (ISAÍAS 49, 14-15: *Eu non te esquecerei*).**

Lectura do profeta Isaías:

Sión dicía: «*Abandonoume o Señor, o meu dono esqueceume*». Pode unha nai esquecer o neno que aleita, non ter compaixón do fillo das súas entrañas? Pois, aínda que ela se esquecese, eu non te esqueceréi.

Palabra do Señor.

- **SALMO 61: R/. Descansa só en Deus, alma miña.**

- **3.2 Na misa con nenos pódese prescindir desta lectura. 1ª CORINTIOS 4, 1-5: *O Señor poñerá ao descuberto os designios do corazón.***

Lectura da primeira carta de san Paulo aos Corintios:

“Irmáns: Que a xente só vexa en nós servidores de Cristo e administradores dos misterios de Deus. Agora, o que se busca nos administradores é que sexan fieis.

Para min o de menos é que me pidades contas vós ou un tribunal humano; nin sequera eu me pido contas. A conciencia, é verdade, non me remorde; pero tampouco por iso quedo absolto: o meu xuíz é o Señor.

Así, pois, non xulgedes antes de tempo, deixade que veña o Señor. El iluminará o que esconden as tebras e poñerá ao descuberto os designios do corazón; entón cada un recibirá de Deus o que merece”.

Palabra do Señor.

• **3.3 MATEU 6, 24-34: Non vos angustiedes polo mañá.**

- **O Señor sexa convosco.**
- **E contigo tamén.**
- **Lectura do santo evanxeo segundo san Mateu**
- **Gloria a ti, Señor.**
-

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Ninguén pode servir a dous señores. Porque desprezará a un e amará o outro; ou, ao contrario, dedicarse ao primeiro e non fará caso do segundo. Non podedes servir a Deus e ao diñeiro.

Por iso dígovos: non esteades angustiados pola vosa vida pensando que ides comer, nin polo voso corpo pensando con que vos ides a vestir. Non vale máis a vida que o alimento, e o corpo que o vestido? Mirade os paxaros do ceo: non sementan nin segan, nin almacenan e, con todo, o voso Pai celestial aliméntaos. Non valedes vós máis ca eles? Quen de vós, a forza de angustiarse, poderá engadir unha hora ao tempo da súa vida? Por que vos angustiades polo vestido? Fixádevos como crecen os lirios do campo: nin traballan nin fían. E dígovos que nin Salomón, en todo o seu fasto, estaba vestido coma un deles. Pois se á herba, que hoxe está no campo e mañá bótase ao forno, Deus vístea así, non fará moito máis por vós, xente de pouca fe? Non andedes angustiados pensando que ides comer, ou que ides beber, ou con que vos ides a vestir. Os pagáns afánanse por esas cousas. Xa sabe o voso Pai celestial que tendes necesidade de todo iso. Buscade sobre todo o reino de Deus e a súa xustiza; e todo isto darásevos por riba. Xa que logo, non vos angustiedes polo mañá, porque o mañá traerá a súa propio angustia. A cada día abóndalle a súa desgraza».

Palabra do Señor.

(Narrador - Xesús)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

*Oremos, irmáns e pidamos ao Pai un corazón grande para amar coma el.
Dicimos xuntos a cada invocación:*

- ***Confiamos en ti, Pai sempre bo.***

1.-Para que a Igrexa anuncie o amor misericordioso e compasivo de Deus. Oremos.

2.- Para que descubramos cada día como un agasallo no que podemos vivir a proximidade e a tenrura de Deus. Oremos.

3.-Para que coidemos da natureza e deste mundo tan belo que Deus nos regalou. Oremos.

4.-Para que non nos deixemos levar pola preguiza senón que axudemos a Deus a construír un mundo mellor e unha sociedade de irmáns. Oremos.

5.-Para que non nos angustiemos coas tarefas e dificultades da vida senón que confiemos en Deus provido. Oremos.

6.-Para que compartamos o amor, o humor, os mellores sentimentos. E gocemos do xogo, da risa, da música, o paseo, o tempo coas persoas que queremos e que atopamos no camiño. Oremos.

5. PRESENTACIÓN DE DONOS

- CORAZÓN GRANDE VERMELLO (cartel de Fano):

Deus é todo corazón, é o noso Pai-Nai no que podemos confiar, el coida de nós sempre aínda que ás veces o esquezamos. Dentro do corazón de Deus imos escribindo os nosos nomes porque nos coñece, quérenos e sabemos que sempre nos acolle e perdoa.



- RODA OU VOLANTE:

Con esta roda traemos ata o altar as angustias as prásas do noso mundo. Que o Señor, neste altar, transforme as nosas inquietudes en calma e acougo.

- O PAN E O VIÑO:

Co pan e o viño dicimos ao Señor que queremos traballar por unha sociedade onde, a súa presenza, sexa tida en conta. E que a Eucaristía sexa alimento dos fillos de Deus que nos enche de forza para deixarnos coidar por Deus e poñer nel toda a nosa confianza.

O ritual dos indios Cherokee

Os indios Cherokee teñen un ritual moi especial a través do cal os nenos pasan a ser adultos. Cando o neno empeza a súa adolescencia, seu pai lévao ao bosque, véndalle os ollos e vaise, deixándoo só.

O mozo ten a obrigaón de sentarse nun tronco toda a noite e non pode quitarse a venda dos ollos ata que os raios do sol brillan de novo ao amencer. Pero unha vez que sobrevive esa noite, xa é un home. Esta é unha experiencia persoal e o mozo ten prohibido comentar ou parolar da súa vivencia cos demais mozos.



Durante a noite, como é natural, o mozo está aterrorizado. El pode oír toda clase de ruídos: bestas salvaxes que roldan ao seu carón, lobos que ouvean ... ou quizais, ata algún humano que pode facerlle dano. Pero debe permanecer sentado estoicamente no tronco, sen quitarse a venda, xa que este é o único xeito en que pode chegar a ser un home ante os anciáns da súa tribo.

Finalmente, logo desa horrible noite, aparece o sol e o neno quítase a venda ... é entón cando descobre o seu pai sentado xunto a el. O seu pai non se separou do seu lado nin sequera un instante, velando durante a noite en silencio, listo para

protexer o seu fillo de calquera perigo sen que el se decatase.

Nós tampouco estamos sos. Aínda cando non poidamos velo, no medio das escuridades da vida, o noso Pai está ao noso lado, velando por nós, coidándonos e protexéndonos dos perigos que nos asedian. Por iso, cando veñan os problemas e as sombras nos envolvan, o único que temos que facer é confiar nel, coa seguridade de que algún día virá o amencer, quitarémonos a venda e verémolo aí, ao noso lado, sen fallarnos.



REDE CATEQUISTAS GALICIA